

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AUGAS DE GALICIA

*EXTRACTO da Resolución do 28 de maio de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento AU100A).*

BDNS (Identif.): 462309.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS): <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser entidades beneficiarias destas axudas os concellos, mancomunidades e consorcios responsables dos sistemas de abastecemento á poboación. Tamén poderán ser beneficiarias as agrupacións de concellos que, a través dun convenio ou outro instrumento xurídico, xestionen conxuntamente un sistema de abastecemento.

Segundo. *Obxecto*

Bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación da Comunidade Autónoma de Galicia para redactar plans de emerxencia ante situacións de seca, e convocar estas axudas para o ano 2019 (código de procedemento AU100A).

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícase conxuntamente este extracto coa Resolución do 28 de maio de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento AU100A).



**Cuarto. *Importe***

As axudas financiaranse con cargo á conta financeira 6566 (subvencións de capital a corporacións locais) da entidade pública empresarial Augas de Galicia, por importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000 €), distribuídos nas seguintes anualidades:

– 2019: 150.000 euros.

– 2020: 100.000 euros.

O importe das axudas será do 80 % do investimento subvencionable, co límite máximo de quince mil euros (15.000 €) por solicitude (IVE incluído), ata esgotar o crédito referido no punto anterior.

**Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes***

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2019

Ethel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle  
Presidenta de Augas de Galicia

